

Primaria

Ciencias Sociais 3

Programación

Unidade 4

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

A Terra e o sistema solar.

Descrición da unidade

Nesta unidade didáctica introduciremos o alumnado na exploración do universo, as galaxias, as estrelas, o sistema solar e a Terra.

- Deterémonos no coñecemento da nosa galaxia (sistema solar) e da súa estrela (o Sol), así como dos astros que forman o noso sistema solar.
- A continuación, incidiremos no estudo do planeta Terra, describindo a súa composición, forma, partes e capas interiores.
- Consideramos importante que o alumnado valore as consecuencias dos dous movementos (rotación e translación) que realiza o noso planeta (día/noite; estacións do ano) na vida das persoas, así como as causas de ambos os dous movementos.
- Faremos tamén un breve estudo do noso satélite, a Lúa, e das súas distintas fases.
- Esforzaremos para que o alumnado comprenda a importancia do seguimento do Sol no firmamento e do uso práctico do calendario baseado no movemento de translación terrestre e as estacións do ano.

Temporalización:

Xaneiro Febreiro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer a nosa galaxia, o sistema solar e a súa estrela (o Sol), así como outros astros que forman o noso sistema solar.
- Estudar o planeta Terra, describindo a súa composición, forma, partes e capas interiores.
- Mostrar o valor e as consecuencias dos dous movementos (rotación e translación) que realiza o noso planeta (día/noite; estacións do ano) na vida dos homes, así como as causas de ambos os dous movementos.
- Describir o noso satélite, a Lúa, e as súas distintas fases.
- Comprender o porqué do día e a noite e o das estacións
- Comprender a importancia do seguimento do Sol no firmamento e do uso práctico do calendario baseado no movemento de translación terrestre e as estacións do ano.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • O universo, a Vía Láctea, o sistema solar, o Sol e os planetas. • O planeta Terra, a súa composición, a súa forma, partes e capas interiores. • A Terra e os seus movementos, rotación e translación. A Lúa, a súa composición, movementos e fases lunares. • O día e a noite, o movemento de rotación da Terra. O día e a noite no sistema solar. • As estacións do ano, o movemento de translación e a inclinación do eixe terrestre. • A sombra do Sol e as horas. O calendario baseado no movemento de translación terrestre e as estacións do ano. 	1. Identificar os astros do sistema solar e a situación da Terra e da Lúa nel.	1.1. Identifica os astros do sistema solar e a situación da Terra e da Lúa nel.
	2. Coñecer as capas que forman a Terra e describir algunhas das súas características.	2.1. Coñece as capas que forman a Terra e describe algunhas das súas características.
	3. Explicar os movementos que realiza a Terra, identificando o movemento de rotación e o de translación, e as súas consecuencias.	3.1. Explica o movemento de rotación e as súas consecuencias. 3.2. Explica o movemento de translación terrestre e define ano e establece a súa equivalencia en días.
	4. Describir características básicas da Lúa e dos movementos que realiza, identificando as fases lunares.	4.1. Describe as características básicas da Lúa e dos movementos que realiza, e identifica as fases.
	5. Describir e definir o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre.	5.1. Describe e define o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre. 5.2. Define día e hora como unidades para medir o tempo.
	6. Explicar a existencia de días e noites no resto dos planetas do sistema solar.	6.1. Explica a existencia de días e noites no resto dos planetas do sistema solar.
	7. Identificar as estacións, fixar a súa duración e describir a luz solar nelas e os seus efectos.	7.1. Identifica as estacións, fixa a súa duración e describe a luz solar nelas e os seus efectos nas estacións.
	8. Aprender a controlar o tempo co seguimento do Sol no firmamento e do uso práctico do calendario.	8.1. Aprende a controlar o tempo co seguimento do Sol no firmamento e aprende o uso práctico do calendario.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Caderno de traballo (CT)

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Identifica os astros do sistema solar e a situación da Terra e da Lúa nel.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD e no CT. • Ficha de reforzo dos RF.
2.1. Coñece as capas que forman a Terra e describe algunhas das súas características.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD.
3.1. Explica o movemento de rotación e as súas consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do A. • Ficha de reforzo dos RF. • Actividades propostas no CT.
3.2. Explica o movemento de translación terrestre e define ano e establece a súa equivalencia en días.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD e no CT.
4.1. Describe as características básicas da Lúa e dos movementos que realiza, e identifica as fases.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas no CT. • Ficha de ampliación dos RF.
5.1. Describe e define o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proxecto proposto na PD. • Ficha de reforzo dos RF.
6.1. Explica a existencia de días e noites no resto dos planetas do sistema solar.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Proxecto proposto na PD.
7.1. Identifica as estacións, fixa a súa duración e describe a luz solar nelas e os seus efectos nas estacións.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas no CT. • Fichas de reforzo e ampliación dos RF.
8.1. Aprende a controlar o tempo co seguimento do Sol no firmamento e aprende o uso práctico do calendario.	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas do LA.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Comprender o sentido dos textos escritos.	Lectura comprensiva do texto «Xa chega a caloríña», así como dos diferentes contidos e tarefas desenvolvidas na unidade, de forma individual e colectiva.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.	Resolución de problemas matemáticos aplicados á vida cotiá relacionados co movemento do Sol e a duración do día, a noite e as estacións.
<i>Competencia dixital.</i>	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.	Utilización e uso das TIC para a busca de información nas actividades consideradas e elaboración de traballos (seguimento do Sol, calendario).
<i>Aprender a aprender.</i>	Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Aplicación dos contidos e aprendizaxes relacionadas co noso planeta dentro do universo, a Terra e o seu satélite, a Lúa.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Representa ideas e conceptos graficamente.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Análise de situacións que poñen en perigo a nosa integridade física nas actividades que se realizan de día, de noite ou en distintas estacións do ano.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Participación en diálogos e debates sobre a necesidade de respectar as normas de convivencia.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Perseveranza e interese na realización das tarefas, especialmente de recuperación, ampliación e de avaliación da unidade didáctica.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: A Terra, un planeta do sistema solar

- Introducimos o concepto de sistema solar coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coñecemos as capas da Terra no LA, suxestións metodolóxicas.
- Realizamos os exercicios do LA e da PD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 2: A Terra e a Lúa móvense

- Introducimos o concepto de movementos terrestres coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coñecemos tipos de movementos terrestres no LA, suxestións metodolóxicas e traballo cooperativo da PD.
- Identificamos os movementos terrestres no LA.
- Coñecemos a importancia dos movementos lunares no LA, suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 3: O día e a noite

- Identificamos as principais causas da existencia do día e da noite no LA e coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Coñecemos a diferenza entre día e noite no sistema solar a través do LA.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 4: As estacións do ano

- Identificamos as estacións do ano no LA.
- Coñecemos as causas das estacións a través do LA e coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e a ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 5: Tarefas / Competencias

- Traballamos «Como se representa a Terra» como propón a tarefa competencial proposta no LA e seguindo as orientacións metodolóxicas da PD.
- Traballamos «Como se forma un volcán» como propón a tarefa competencial proposta no LA e seguindo as orientacións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades que propoñen as tarefas competenciais do LA como recomenda a PD.
- Completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 6: Que aprendemos?

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

- Completamos con actividades interactivas do LD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo, como a formulación de debates, lecturas compartidas, xogos por equipos, actividades en parella, pequeno e gran grupo, etc.
- Observación do ceo mediante fotografías do ceo no hemisferio norte para aprender a distinguir distintas constelacións sinxelas.
- Utilización do telescopio caseiro para investigar como funciona e ver imaxes de grandes telescopios do mundo.
- Traballo coas estacións do ano. Observar fotografías e traballar con información relativa ás estacións.
- O noso sistema solar en miniatura. Creación dun póster do noso sistema solar con materiais plásticos e técnicas artísticas.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Exposición do profesor.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias Sociais:

- Recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación e avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno, o caderno de traballo.
- Material complementario do mural sobre o sistema solar.
- Ademais, propónse a utilización do seguinte material manipulativo para axudar á adquisición dos contidos: material funxible, como cartolina, pinturas e lapis de cores ou ceras...

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Na proposta didáctica recóllense algúns enlaces web puntuais para algúns epígrafes.
- Materiais dixitais da páxina web da editorial con diferentes recursos e actividades.

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiáveis).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?